



PXXX Premio Nacional de poesía Xosemaría Pérez Parallé

baSes

1) O premio convócase co obxectivo de colaborar na promoción de novas voces, polo que é requisito para participar non ter publicado ningún libro individual de poesía. Porén, admitiranse traballos presentados por persoas que publicasen previamente algún libro en edición de autor.

2) O xurado estará composto por tres persoas de recoñecida traxectoria no ámbito da escrita literaria, da edición, da crítica ou o xornalismo cultural.

3) Os autores e autoras participantes presentarán un libro de poesía en lingua galega. É responsabilidade do xurado do premio determinar se algún dos traballos presentados posúe ou non as características para ser considerado "libro". Porén, recoméndase que teñan unha extensión mínima de 300 versos. A escolla ortográfica de cada libro presentado non será obxecto de valoración por parte do xurado.

4) Os textos enviaranse por correo electrónico en formato PDF ao enderezo seguinte:

correo@paralle.org

Na mensaxe incluíranse dous arquivos, un titulado "obra" e outro, "plica" seguidos ambos os nomes polo título ou o lema do libro. O arquivo denominado "obra" non incluírá ningunha referencia ao autor ou autora da mesma. No outro, indícarase a información seguinte: o título ou o lema do libro, nome completo do autor ou autora, DNI ou pasaporte, enderezo e datos de contacto (teléfono e enderezo electrónico). No caso da publicación previa dun libro individual, deixarase constancia na plica do título da obra, ano de publicación e, no caso de telo, ISBN.

5) O prazo de presentación de orixinais remata o venres 15 de setembro de 2017.

6) A organización remitirá un correo electrónico confirmando a recepción correcta do material.

7) O xurado escollerá de entre os traballos presentados un único libro. Ademais, poderá deixar cons-

tancia na acta de cantos outros títulos considere merecedores de ser publicados, non significando isto ningún compromiso por parte da entidade convocadora nin dos patrocinadores nin do editor. Non se fará referencia na acta ao nome dos autores ou autoras dos libros mencionados.

8) A entrega do premio terá lugar en novembro de 2017 nas instalacións do Círculo Mercantil e Industrial-Unidade en Fene.

9) O premio consistirá na edición do libro na colección de Poesía Espiral Maior no máis breve prazo posíbel. Terá tamén unha gratificación económica de 2000 € (suxeitos ás retencións impositivas que marca a lei).

10) A edición do libro constará de 600 exemplares. O editor entregará ao autor ou autora 25 exemplares da obra impresa. Unha vez esgotada a primeira edición, a entidade convocadora, os patrocinadores e/ou o editor dispoñerán do prazo dun ano para reeditar o libro, debendo negociar previamente co autor ou autora a compensación económica desta e sucesivas edicións. Transcorrido este prazo, o autor ou autora poderá dispoñer libremente da obra coa única condición de que deberá deixar constancia do galardón en sucesivas edicións do libro.

11) Calquera detalle non previsto polas presentes bases deberá ser resolto polo xurado que ten, asume, a atribución de interpretacións, nomeadamente no relativo aos puntos 1 e 3. A decisión do xurado é inapelábel.

12) A información contida nas plicas pasará a formar parte dunha base de datos que se utilizará coa única finalidade de promover as seguintes convocatorias do premio. Os autores e autoras poderán modificar ou eliminar estes datos dos arquivos da entidade convocadora, segundo se detalla na Lei de Protección de Datos de Carácter Persoal, solicitándoo por correo electrónico ao mesmo enderezo de participación.

CONVOCA



COLABORAN



ILUSTRACIÓN
SIRO

Fene
2017